ZOMBI CHILD

[Bertrand Bonello, 2019, 107 min.]

Dirección e guión **Bertrand Bonello**
Montaxe **Anita Roth**
Fotografía **Yves Cape**
Música **Bertrand Bonello**
Son **Nicolas Cantin, Nicolas Moreau, Jean-Pierre Laforce**
Elenco **Louise Labeque, Wislanda Louimat, Adile David, Ninon Francois**
Produción **Arte France Cinéma, Les Films du Bal, My New Pictures**
Distribución **Flamingo Films**

Haití, 1962. Un home regresa de entre os mortos para ser enviado ás infernais plantacións de cana de azucre. En París, 55 anos despois, no prestixioso internado da Lexión de Honor, unha adolescente haitiana revélalles un antigo e escuro segredo familiar ás súas novas amigas, sen imaxinar que esta estraña historia ha provocar que unha delas cometa unha atrocidade. Bertrand Bonello resucita a poética de Jacques Tourneur para afondar nunha Francia en que ecoan as pantasmas do pasado colonialista.

Zombi Child proxectouse na Quincena dos Realizadores do pasado Festival de Cannes e en festivais de prestixio coma o Toronto International Film Festival, Sitges ou San Sebastián.

VINDEIRAS SESIÓNS #OUTUBRO #20:30 h

LUNS 26.10.2020
SOIS BELLE ET TAIS-TOI (DELPHINE SEYRIG, 1981, FRANCIA, VOSG)

MARTES 27.10.2020
SOBRE O INFINITO (ROY ANDERSSON, 2019, SUECIA, VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com.es twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#128
20.10.2020

ZOMBI CHILD

BERTRAND BONELLO

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA A BERTRAND BONELLO, POR EMMANUEL BURDEAU

A ortografía 'zombi' no canto de 'zombie' relaciónase co desexo de volver ás orixes destes personaxes? 'Zombie' é a ortografía estadounidense. 'Zombi' é o zombi orixinal, unha figura profundamente arraigada na historia e cultura de Haití. É o resultado dun uso perverso do vudú, algo do que a xente nunca fala, mesmo hai quen nega a súa existencia por completo. Mais alí toda a xente sabe como camiña e fala un zombi. No *casting* sempre eran representados do mesmo xeito. O filme está documentado a fondo e con precisión: o pó utilizado para a transformación, o estado de escravitude para os manter nas plantacións; o sal, a carne ou os cacahuetes que ao ser comidos rematan co transo e provocan o regreso á casa ou á tumba. Un libro clave, *A illa máxica: unha viaxe ao corazón do vudú*, de William Seabrook, foi publicado en Francia en 1928. Cinco anos despois estreouse *White Zombie* con Bela Lugosi. A ortografía mudou, e tamén o significado político relacionado co zombi. Desapareceu a conexión coa escravitude, que reapareceu, alterada, no cinema de George Romero. O zombi norteamericano mantén o andar, o comportamento, a lentitude do zombi haitiano, mais non a súa función. Está completamene morto, non coma o zombi haitiano, que está suspendido nalgún lugar entre a vida e a morte. Fascíname esta idea de conexión entre vida e morte, algo que desaparece na Antiga Grecia. No vudú non hai separación entre as dúas. O terremoto de 2010, con case 300 000 persoas mortas, foi un terrible recordatorio desta realidade. Vivos e mortos conviviron durante meses.

En que te inspiraches? Mergullácheste de novo no cinema de zombis? Non, aínda que sempre tiven moi presentes os filmes de Romero. Mais si que volvín ver a magnífica *Andei cun zombie*, de Tourneur. Inspireime en libros de foto, novelas ou publicacións antropolóxicas, especialmente en *Voodoo in Haiti*, do suízo Alfred Métraux, escrita nos 50, onde describe detalladamente o xeito de andar, a voz nasal, o comportamento, o pó que provoca a perda de pigmentación arredor dos ollos... Cando procuraba unha historia que evocara o zombi para a cerimonia de iniciación de Melissa na irmandade literaria, descubrín un poema de René Depestre, «Cap'tain Zombi», que se cita ao iniciar o filme.

Decidiches rodar en Haití, que ten sona de imposible... Quíxeno facer por razóns éticas. O que tiñamos que facer era ben sinxelo, basicamente mostrar un home camiñando. Filmar esas escenas noutro país implicaba perder a súa esencia. Ademais, non quería recrear unha cerimonia vudú noutro lugar. Non hai que esquecer tampouco os motivos estéticos: filmar o Palacio Sans-Souci, o palacio do rei Henri Christophe. Todo o mundo comentaba que non hai país máis complicado para rodar ca Haití. A pobreza, a inestabilidade política e os terremotos coas súas consecuencias provoca que sexa dificultoso. Só uns poucos se aventuraron: Charles Najman, Raoul Peck, Wes Craven e Jonathan Demme. Non resultou doado que nos aceptasen. En Haití presúmese cun inmenso orgullo, de forma bastante lexítima, do feito de que o país foi a primeira república negra independente, en 1804. Existe unha gran desconfianza cara ao xeito en que as persoas brancas representan o país, especialmente cando se trata de zombis e vudú. Comentáronme: «Cando apareces cunha cámara é coma se apareceses cunha escopeta». Aos poucos, grazas a encontros e intercambios, a reticencia diminuíu. Ademais, gran parte da equipa era haitiana. Experimentei un shock que rara vez coñecín na vida. Teñen unha riqueza cultural e intelectual, unha capacidade de pensamento que me resulta extraordinaria.

Como escolleches o internado onde estudan Fanny e as súas amigas? Realizando unha investigación sobre internados femininos en Francia atopei a Maison «Education de la Légion d'honneur», en Saint-Denis 1. A realidade superou a ficción. Todo o que ensino é exactamente así: os uniformes, a excelencia, a mestura de arquitecturas, as reverencias, os xardíns... Cando descubrín que esta escola secundaria pública fora fundada por Napoleón case simultaneamente á independencia de Haití non puiden deixar de pensar en como ecoaba co meu proxecto.

O historiador Patrick Boucheron, que aparece ao principio do filme dando unha clase, lanza unha cuestión que está no corazón do filme: como e dende que perspectiva se pode contar unha historia allea?, como tratar o que hoxe se chama apropiación cultural? Quería comezar o filme cunha reflexión contundente sobre historia e pareceume evidente que tiña que ser con Patrick Boucheron. É a primeira vez que rodo no estranxeiro e dende o comezo pensei, en relación á narrativa: dende onde vou contar a historia? Dende Francia, claramente. Nunca pensei que ocorrese integramente en Haití. Mais a cuestión seguía aí: como filmar un filme no estranxeiro? É imposible facelo dun xeito moi cercano e facelo dun xeito distante condénao a un enfoque turístico. Procurei un punto intermedio: unha distancia que oscila entre ser preciso e deixarlle espazo á interpretación. Coma unha reminiscencia. A figura do zombi é o punto en que se atopan a historia e o imaxinario colectivo de Haití. Tratei de manter esa ambigüidade. Sedúceme a idea de partir da imaxinación para evocar algo moi real: a escravitude. Volvendo á cuestión política da perspectiva, antes comentaba a reticencia da xente haitiana. Penso que un dos motivos polos que esa reticencia diminuíu foi porque *Zombi Child* parte dunha reflexión subxacente sobre a escravitude. Non é folclore, senón reflexión política e histórica. Todo a través dunha figura coñecida no mundo: o zombi.

Entrevista completa dispoñible en flamingofilms.es. Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.